

# CONCELLO DE XOVE

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 20 DE XULLO DE 2015.

### ASISTENTES:

#### **Alcalde-Presidente:**

D. José Demetrio Salgueiro Rapa (PP)

#### **Concelleiros:**

D<sup>a</sup> Ana María Abad López (PP)

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Dolores Meitin Guerreiro (PP)

D. José Manuel Balseiro Canoura (PP)

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Rosario Balseiro López (PP)

D<sup>a</sup> Cristina Iglesias Guerreiro (PP)

D. Marco López López (BNG)

D. Carlos Fernández Louzao (BNG)

#### **Secretario:**

D. Luís M. Fernández del Olmo

#### **Intervención:**

D<sup>a</sup> Elena Santos Rey

#### **Ausentes:**

D. José Manuel López Hermida (BNG)

D<sup>a</sup>.M<sup>a</sup> Luísa Pernas Quelle (BNG)

D. Manuel Angel Meitin Rouco (PP)

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dez horas do día vinte de xullo de dous mil quince, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión extraordinaria convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

### 1º.-PROPOSTA DE ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DO ACORDO PLENARIO DE DATA 18 DE XUÑO DE 2015 RELATIVO Ó RÉXIME DE DEDICACIÓN E RETRIBUCIÓNS POLO EXERCICIO DAS FUNCIÓNS DO CARGO DE ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE XOVE.

Por Secretaría dáse conta ó Concello Pleno da moción do epígrafe que a seguir se transcribe integramente:

### **PROPOSTA DE ALCALDÍA**

*Visto que por Resolución da presidencia da Deputación Provincial de Lugo de data 1 de xullo acordouse conferir a D. José Demetrio Salgueiro Rapa, Alcalde Presidente e Deputado Provincial, a Delegación da Área de Economía, Recadación e Facenda ( na que se inclúe a Delegación de Pesca )*

*Visto que na sesión celebrada polo Pleno de la Deputación Provincial de Lugo con data do pasado 14 de xullo de 2015 adoptouse, entre outros, o acordo de aproba-la dedicación parcial ( 50% da xornada ) para o exercicio das funcións propias da súa Área de D. José Demetrio Salgueiro Rapa cunhas retribucións brutas en cómputo anual de 25.737'32 €.*

*Visto que con data 18 de xuño de 2015 o Pleno Corporativo do Concello de Xove adoptou entre outros o acordo de aprobar a dedicación exclusiva (100% da xornada ) para o exercicios das funcións propias da Alcaldía de D. José Demetrio Salgueiro Rapa cunhas retribucións brutas en cómputo anual de 40.000'00 €, trienios de antigüidade excluídos.*

*Aos efectos de compaxina-las dúas funcións de Alcalde Presidente do Concello de Xove e Deputado Delegado da Área de Economía, Recadación e Facenda ( na que se inclúe a Delegación de Pesca ) no que se refire dunha banda á xornada de traballo e doutra banda ás determinacións da Disposición Adicional 90 da Lei 22/2013, de 13 de decembro no que se refire aos límites retributivos.*

*Polo presente propoño ao Concello Pleno a adopción de acordo polo que modificando o adoptado con data 18 de xuño de 2015 se aprobe dedicación parcial (50% da xornada ) para o exercicio das funcións propias da Alcaldía de D. José Demetrio Salgueiro Rapa cunhas retribucións brutas en cómputo anual de 20.000'00 €, trienios de antigüidade excluídos, que se abonarán en 14 pagas de 1.428'57 €, (ditas pagas se abonarán mensualmente, correspondendo ós meses de xullo e decembro o abono das pagas extraordinarias); sen prexuízo do abono da cantidade que proceda en concepto de antigüidade pola miña condición de persoal laboral fixo do Concello de Burela.*

Aberto o debate, polo Sr. López López sinalase que fai menos de 1 mes, o Grupo Municipal do BNG entendía necesaria a dedicación exclusiva do Alcalde para a xestión dos asuntos municipais e neste intre, polas mesmas razóns o BNG mantén o seu criterio, considerando que unha boa xestión dos asuntos municipais, e sobre todo a atención á veciñanza de Xove esixe a dedicación exclusiva do seu Alcalde.

Engade o Sr. López López que non considera seria a postura do PP xa que fai menos de un mes, en atención según as súas propias verbas “ao volume de servizos que presta o Concello” consideraba necesarias dúas dedicacións exclusivas e dúas dedicacións parciais, e agora, sen que houbera variación ningunha non nivel de prestación de servizos, considera necesario reducir á metade a dedicación do Alcalde.

Polo Sr. Alcalde manifestase que o motivo da redución é puramente técnico para cumprir co requisito legal de duración da xornada, engandíndo que o seu compromiso e dedicación ós asuntos do Concello de Xove e de todos os seus veciños e veciñas será incluso maior, xa que tamén está ó seu dispor como Deputado Provincial.

Remata a súa intervención o Sr. Alcalde sinalando que tamén considera necesario salientar que con esta nova proposta, o Concello de Xove vaise aforrar 20.000 € anuais.

Rematado o debate o Concello Pleno, cos votos favorables dos Sres D. José Demetrio Salgueiro Rapa (PP) , D<sup>a</sup> Ana María Abad López (PP), D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Dolores Meitin Guerreiro (PP), D. José Manuel Balseiro Canoura (PP), D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Rosario Balseiro López (PP) e D<sup>a</sup> Cristina Iglesias Guerreiro (PP) e co voto en contra dos Sres. D. Marco López López (BNG) e D. Carlos Fernández Louzao (BNG), acorda aproba-la proposta de Alcaldía anteriormente transcrita,e remitir o correspondente anuncio para a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no Portal de Transparencia do Concello de Xove, salientando que os efectos derivados da aprobación do presente acordo, surtirán efectos desde o 14 de xullo de 2015.

E sen mais asuntos que tratar, sendo as dez horas e trinta minutos da data indicada no encabezamento, levantase a sesión, estendéndose a acta presente de todo o tratado do que eu Secretario, dou fé.

**O ALCALDE,**

**O SECRETARIO,**

Asdo.: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo. Luís María Fernández del Olmo